



## Concello de Sober

---

### **Bases Certame de Decoración de Locais Comerciais. Nadal 2022**

- 1. Obxectivo:** O Concello de Sober convoca este certame para a promoción e apoio ao comercio local, premiando o esforzo e a súa implicación na mellora da imaxe comercial dos establecementos do municipio, coa dotación de premios ás mellores decoracións.
- 2. Requisitos dos participantes:** Poderán participar no certame titulares de establecementos comerciais no termo municipal de Sober, sexan persoas físicas, xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio sen personalidade xurídica, legalmente constituídas, que teñan como motivo de decoración unicamente o Nadal.
- 3. Prazo de presentación e solicitudes e documentación:** A inscrición poderase realizar ata o día 22 de decembro a través da dirección de correo electrónico: [cultura@concellodesober.com](mailto:cultura@concellodesober.com), no número de teléfono 982460513 ou na BPM de Sober. Especificando os seguintes datos: Nome e apelidos; teléfono; Local comercial participante con enderezo. Deberán adxuntar tres fotografías da decoración.
- 4. Criterios de Valoración:** O tema de valoración será alegórico ao ambiente propio das Festas de Nadal e valoraranse as candidaturas tendo en conta especialmente os seguintes criterios:
  - Orixinalidade: Puntuación 0-5 puntos.
  - Calidade artística. Puntuación 0-5 puntos.
  - Iluminación e composición. Puntuación 0-3 puntos.
  - Esforzo. Puntuación 0-5 puntos.
  - Eficacia comercial: Puntuación 0-4 puntos.
- 5. Xurado:** As decisións do xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. O xurado será integrado polos seguintes membros:
  - Tres representantes do Concello de Sober
  - Unha persoa experta en Fotografía
- 6. Dotación de premios:** Concederanse TRES PREMIOS e cada un dos establecementos gañadores recibirá diploma e agasallo.
- 7. Protección de Datos:** Os datos de carácter persoal recollidos serán tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. O Responsable de Tratamento dos datos perosais é: Concello de Sober, con dirección Praza do Concello s/n, 27460 – Sober (Lugo).  
Contacto: [www.concellodesober.com](http://www.concellodesober.com)
- 8. Aceptación:** A concorrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases